

MANIFESTO “O MONTE VECIÑAL EN MAN COMÚN: UNHA REALIDADE HISTÓRICA VIVA NO SÉCULO XXI”

Vigo, 11 de outubro de 2023

Acordado pola Asociación Forestal de Galicia, a Organización Galega de Comunidades de Montes e a Mancomunidade de Montes de Vigo

Suscrito polas Mancomunidades de Montes de Pontevedra, do Barbanza, do Morrazo, de Val Miñor e de Baixo Miño (en constitución), así como por un amplo abano de Comunidades de Montes Veciñais en Man Común presentes: Salvaterra, Atios, Tameiga, Beluso, Xinzo, Vilaboa, Cabral, Beade, Comesaña, Matamá, Candeán, Teis, Oia, entre outras

I. O MONTE VECIÑAL EN MAN COMÚN: UNHA PROPIEDAD SINGULAR CON LONGA HISTORIA E QUE CONTA CUNHA NORMATIVA MOI GARANTISTA

II. UNHA POLÉMICA SEN RAZÓN DE SER

III. POSICIONAMENTO DAS COMUNIDADES DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN DE GALICIA

I. O MONTE VECIÑAL EN MAN COMÚN: UNHA PROPIEDAD SINGULAR CON LONGA HISTORIA E QUE CONTA CUNHA NORMATIVA MOI GARANTISTA

Os **montes veciñais en man común**, que teñen a súa orixe dende os asentamentos castrexos, son das poucas formas de propiedade de terras en man común (comunidade xermánica) que lograron sobrevivir á organización municipal do século XIX e que non foron afectadas polas leis desamortizadoras dese mesmo século. Ata ese momento o seu uso foi organizado polos veciños da parroquia, e os recursos procedentes dos mesmos (fritos, pastos, madeira, caza, etc) contribuían á supervivencia da veciñanza parroquial.

Dende finais do século XIX e ao longo do século XX comezan os primeiros intentos de “usurpación” e “apropiación” dos terreos comunais polas administracións. É na época franquista, coa implantación dos plans de repoboación forestal, cando ten lugar unha auténtica confiscación do monte da man das Deputacións Provinciais e dos Concellos, ao non ter as parroquias personalidade administrativa.

Con esta actuación, avalada pola Lei de Montes de 1957, e co ICONA e os Concellos como man executoras, expúlsase á veciñanza campesiña do monte e da súa forma de subsistencia, sendo un dos motivos de emigración dun grande número de galegos. Tamén é a responsable da implantación dos monocultivos.

Precisamente, coincide este período co período de desenvolvemento industrial de Galicia, onde moitos Concellos, sobre todos os das cidades e grandes vilas, vense cun activo que, sen ser seus, os empregan como así foran, procedendo a vender, ceder ou arrendar ás incipientes empresas que se están a establecer. Contra a vontade comunitaria, interrómpese

o aproveitamento común sen compensación algunha. Ademais, neste período é cando se producen ocupacións de parcelas veciñais por parte de particulares que mesmo se chegan a escriturar e inscribir fraudulentamente no Rexistro da Propiedade Inmobiliaria. Precisamente desta realidade da etapa dictatorial proceden moitos dos conflitos que emerxen na actualidade, queréndose esquecer as causas dos mesmos.

No ano 1968 a Lei de Montes Veciñais estatal xa contempla a devolución dos montes veciñais en man común á veciñanza das parroquias -algo moi específico de Galicia, León e algunhas zonas da cornisa cantábrica-, pero non é ata os anos oitenta que se clasifican a maioría dos montes veciñais en man común, para posteriormente consolidar esta realidade coa Lei Galega de Montes Veciñais en Man Común de 1989 seguida do seu regulamento de 1992. Polo tanto, coa democracia revértese unha situación de “apropiación indebida” por parte da administración, e o asentamento da autonomía en Galicia permite que as **Comunidades de Montes Veciñais en Man Común (CMVMC)** pasen a ser as depositarias da titularidade colectiva dos montes veciñais en man común, categorizándose como agrupacións sociais e non como entidades administrativas. O proceso non estivo exento de discrepancia por parte das administracións locais, pero as sentenzas do Tribunal Supremo e do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, sempre que se poido demostrar a pertenza do monte á veciñanza, acabou dándolle a razón a esta. Aínda recentemente publicáronse as últimas sentenzas nesta dirección.

O chamativo de todo este período convulso é que en ningún momento a lexislación vixente deixa de considerar aos montes veciñais en man común como bens indivisibles, inalienables, imprescriptibles e inembargables, non estando suxeitos a ningunha contribución de base territorial. Só poderán ser obxecto de expropiación forzosa ou de imposición de servidumes por causa de utilidade pública ou interese social. As comunidades de montes en man común comparten estas causas, sendo esta a base de, por exemplo, moitos centros educativos e instalacións de diverso tipo que dan servizo ás parroquias e á cidadanía en xeral. Certo que, ultimamente este criterio está sendo desvirtuado para dar soporte a “apropiacións” por parte de empresarios propietarios de entidades deportivas con vocación de operacións especulativas, reproducíndose de novo na actualidade actuacións propias da época franquista.

Ademais, a lexislación aplícalle ás CMVMC é moi garantista e conta con toda unha serie de obrigas que fan delas unhas entidades democráticas, transparentes e altamente supervisadas pola Xunta de Galicia. Así, teñen que dispór dun Proxecto de Ordenación aprobado pola Consellería de Medio Rural -onde se prevén todos os usos previstos para as superficies-, e calquera acto de disposición dos terreos veciñais (cesións, permutas, arrendamentos, dereitos de superficie, compra de terreos, etc) teñen que realizarse en escrituras públicas e ser comunicadas á citada Consellería. Todo isto, evidentemente, despois de ter que ser debatido e aprobado nas correspondentes asembleas veciñais das CMVMC.

A día de hoxe, en todo o país galego, o monte veciñal en man común é xestionado por máis de 3000 comunidades de montes veciñais, supondo a cuarta parte do territorio galego. Os usos que se lle dan a estas superficies son forestais e agrarios -lémbrese que neles están algunhas das explotacións máis modernas relacionadas con viñedos, oliveiras, kiwis e

aguacates, entre outros-, pero tamén outras actividades económicas como parques industriais, canteiras, minas, parques de xeración de enerxía, etc, así como múltiples servizos sociorecreativos, educativos e de patrimonio cultural -parques etnoarqueolóxicos, etc-.

Tampouco se debe esquecer que son os montes veciñais en man común provedores dos denominados servizos ecosistémicos, que os Obxectivos para o Desenvolvemento Sostible de Nacións Unidas e a Axenda urbana da Unión Europea están facendo tanto fincapé. Todos os montes, maiormente os montes periurbanos son exemplos claros de combinación de servizos recreativos -parques forestais, sendeiros, miradoiros, praias fluviais, etc- con servizos de captación de CO₂, de reservorio de auga ou de mantemento da biodiversidade, en entornos con alta densidade de poboación e con gran necesidade de dispór de espazos de socialización e actividade físico-deportiva accesible para toda a poboación. Durante a pandemia, isto último quedou patente.

En resumo, as CMVMC están moi arraigadas ao territorio galego e axudan a xestionar os recursos que nel existen en favor da veciñanza que residen nas parroquias e, mesmo, da sociedade en xeral. O importante é que isto acontece dende tempos inmemoriais, sendo na actualidade complementario dos servizos públicos proporcionados polas administracións, sobre todo nos entornos rurais dos concellos, das vilas e das cidades. Tan só queda que a sociedade e quen os ostentan a súa representación estean orgullosos desta realidade e, entre todos, dignifiquemos unha das sinais de identidade que levamos no ADN.

II. UNHA POLÉMICA SEN RAZÓN DE SER

Como se apunto no apartado anterior, na actualidade se está a xerar unha polémica sobre a propiedade de terreos situados nos montes veciñais en man común de toda Galicia que, como quedou explicado, procede dunha “usurpación” ou “apropiación indebida” en tempos da “longa noite de pedra”. Froito desa realidade houbo un longo período no que algúns concellos realizaron operacións económicas con terreos que non eran da súa propiedade e particulares que se apropiaron de terreos que non lle correspondían.

No momento que as augas volven ao seu cauce a partir dos anos oitenta e, despois de que fosen reclamados polas Comunidades de Montes Veciñais en Man Común, os tribunais paulatinamente retornan aos seus lexítimos propietarios -a veciñanza das parroquias- os citados terreos. Como as cesións de superficies ou os alugueres teñen unha vixencia limitada, resulta que nesta década empezan a vencer todas esas situacións e por ese motivo moitas teñen que renovarse, se procede.

Por outra banda, isto coincide coa resolución de diversos litixios provocados por interesados particulares ou empresariais que iniciando a súa relación cos concellos que no seu momento tiñan a xestión dos montes comunais, logo, ao retornar ás Comunidades de Montes, non quixeron negociar con estas, e agora ven como non prosperaron as súas pretensións.

Ao final, simplemente, se está a cumprir a legalidade vixente que consiste en que a posesión inmemorial dos veciños debidamente acreditada sobre un monte común, non se perde por

ocupacións ou usurpacións ilegais aínda que estas interrompan o aproveitamento consuetudinario pro indiviso do monte polo grupo social veciñal en contra da súa vontade.

En ningún caso, os montes veciñais en man común poden amparar situacións xurídicas irregulares ou ilegais, actuais ou pasadas. A seguridade xurídica precisamente debe protexer a institución veciñal e non intereses particulares. Non debe esquecerse que os montes comunais, cualificación estatal dos bens municipais previa ao seu recoñecemento como montes veciñais en man común, foron e seguen sendo inalienables e imprescritibles. A pretensión municipal de facer pasar estes montes comunais por montes de propios ou patrimoniais, e así xustificar a súa venda ou cesión, non é lexítima.

III. POSICIONAMENTO DAS COMUNIDADES DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN DE GALICIA

Todas as Comunidades de Montes Veciñais en Man Común de Galicia que subscriben este manifesto e as súas entidades representativas aquí asinantes queren dar a coñecer o seu completo desacordo coas manifestacións realizadas pola Consellería de Medio Rural posicionándose en contra do que a lexislación establece e a xurisprudencia confirma día tras día. Resulta a todas luces inadmisibile.

Tampouco están de acordo coas declaracións do Presidente da Xunta de Galicia no mes de xullo de 2023 na dirección de que “na futura lei que regulará os montes veciñais, e que está en elaboración, teremos que dar unha resposta que dea satisfacción a todos os afectados -viviendas, instalacións industriais, equipamentos públicos-“ e “se non é posible -o consenso- está a capacidade de gobernar e tomar decisións” sobre o monte veciñal que xa non se usa como tal. Considérase unha falta de respecto absoluto para unha morea de comeneiros e comeneiras que seguen a traballar de xeito desinteresado polo ben común, agora con novos retos para atender as necesidades da veciñanza e da realidade socioeconómica que a envolve.

Vívese con auténtica preocupación que ás portas duna modificación legal da Lei de Montes Veciñais en Man Común de Galicia poida haber un tic autoritario impropio dos tempos que vivimos e o posicionamento desafortunado a favor dun colectivo autodenominado “Plataforma Galega de afectados polas Comunidades de Montes” que representa a un lobbie empresarial que quere retrotraerse á “usurpación” de antaño.

Por todo o citado, de cara a vindeira tramitación do Libro Branco dos Montes Veciñais en Man Común de Galicia queren trasladar á sociedade e aos gobernantes autonómicos que **consideramos preciso non se lexisle de costas ao sector das Comunidades de Montes Veciñais en Man Común (CMVMC)** e presentamos os plantexamentos acordados unánimemente:

1. **Recoñecer a función social que desenvolven as CMVMC na xestión dos seus territorios** -lembrems que é a cuarta parte de Galicia e que abrangue tantos espazos agroforestais como industrias e sociocomunitarios-. Resulta unha visión de curto alcance querer reducilas a xestoras de espazos forestais, toda vez que en moitos casos

as cargas de xestión de superficies industriais veñen derivadas da herdanza recibida da previa xestión dos concellos.

2. **Recoller que o proceso de normalización do monte veciñal en man común aínda non se pechou e subsisten situacións de abusos e usurpacións** que limitan a extensión das propiedades veciñais en man común, sendo un deber da Administración autonómica velar e defender este patrimonio identitario de Galicia.
3. **Consolidar o carácter xermánico do monte veciñal en man común**, o que conleva que en ningún momento se pode cuestionar a imprescriptibilidade dos montes veciñais en aras de pretender legalizar situacións de usurpación e apropiación indebida. Neste senso non se considera de recibo que se queira intentar colar que haxa que demostrar a “constatación inmemorial e continuada do monte de forma consuetudinaria”, cando se ven de demostrar anteriormente que polo acontecido, fundamentalmente na dictadura, isto viuse truncado sen vontade da veciñanza.
4. **Manter co seu papel os Xurados provinciais de clasificación dos montes veciñais**, o cal garante que se preserve o criterio de que para clasificar a un monte como veciñal en man común a clave é na posesión inmemorial e non documentada do uso do monte veciñal, recollido na lexislación vixente.

Dubidar deste procedemento leva a pensar que se pode estar querendo trasladar a outro campo de xogo -a vía xudicial- para precisamente intentar impór os criterios de “non continuidade” ou “abandono” para evitar clasificacións ou mesmo desclasificar os mesmos, así como que predomine o criterio de esixir documentación rexistral para a clasificación, saltándose un principio básico do monte veciñal en man común.

5. **Garantir no texto legal a declaración de nulos de pleno dereito os actos de disposición levados adiante antes de que os montes fosen declarados como veciñais en man común**. Este proceder evitaría moito litixio estéril que o único que pon a proba é capacidade económica que teñen as CMVMC para soportar longos xuízos e darlle falsas esperanzas a empresarios que obter os seus beneficios a conta dun ben común.
6. **Permitir que se cumpra a lexislación de montes veciñais que lle abre ás CMVMC a capacidade para negociar cos axentes económicos os diversos usos do chan mencionados**, e non unicamente o forestal, para así proporcionar seguridade xurídica con contratos realizados diante do correspondente notario e proceder á posterior comunicación de tales contratos á Xunta de Galicia.
7. **Prevalecer a lexislación de montes sobre calquera outra lexislación de fomento económico ou simplificación administrativa** para evitar que esta vía sexa a que empreguen as empresas, conseguindo a clasificación de singularidade autonómica, para asentarse nos montes veciñais en man común sen terse que sentar a negociar e acordar cos seus lexítimos propietarios.